

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

15 DE DECEMBRO DE 2004

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día quince de decembro de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, réunese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación municipal, concelleiros: Don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, o concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado manifesta que quere facer constar que non estaba de acordo coa modificación da Ordenanza núm. 19, reguladora dos servizos de Protección Civil e o seu voto foi negativo a esta ordenanza. Non habendo outras observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 27 de novembro de 2004, queda aprobada.

2.- RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE GASTOS.- Dáse conta das resolucións dictadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria núm. 410/04 e 560/04, ambas as dúas incluídas, as cales estiveron a disposición dos señores concelleiros desde a convocatoria da sesión, así como os decretos de gastos núm. 29/04 a 52/04, do cal quedan informados.

3.- CONVENIO CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO.- Dáse lectura ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 9 de decembro de 2004, que copiado di así: Dada conta do convenio redactado, a firmar entre este Concello e o Arcebispado de Santiago, titular dun inmobile na parroquia de Leiro deste municipio, con construcións anexas denominado "Casa Rectoral"; en virtude do cal cédese ao Concello de Miño o goce do inmobile citado polo tempo de CORENTA (40) anos, contados a partir da sinatura desta, prorrogable polo tempo que a ambas partes conveña.

O obxecto desta cesión temporal é:

a) Creación dun obradoiro de emprego para rehabilitar a Casa Rectoral de Leiro e crear un centro social parroquial.

b) Rehabilitar a Rectoral para a conservación e consolidación do patrimonio arquitectónico.

c) Rehabilitar a Rectoral a través dun obradoiro de emprego.

O Concello obrígase a executar ao seu exclusivo cargo no edificio sinalado, como contraprestación da cesión, todas as obras de restauración previstas no anteproxecto redactado polo arquitecto municipal. Na edificación restaurada adecuarase e entregárase un despacho con acceso e baño independente dentro do edificio, dunha superficie aproximada de 16 m² e acondicionarase o alpendre exterior para un pequeno obradoiro para uso do párroco cunha superficie aproximada de 20 m².

O Concello farase cargo de todos os gastos de conservación, mantemento e funcionamento de todo o edificio (luz, auga, etc.) incluída a parte utilizada pola Igrexa, mentres non viva un sacerdote habitualmente nela de modo estable.

Considerando a mellora social e cultural para o municipio, e estimando para ambas as partes este convenio; a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o convenio redactado para a cesión durante CORENTA (40) anos prorrogables do inmovible e construcións anexas denominado Casa Rectoral de Leiro, entre o Concello de Miño e o Arcebispado de Santiago nos mesmos termos que constan no convenio.

2º.- Dar conta deste acordo ao Pleno do Concello para a súa ratificación se procede.

3º.- Facultar o Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa necesario para o asinamento do convenio e a realización das xestións precisas para este fin.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade ratificar en todas as súas partes o acordo anterior.

3.- OBRAS E CAMPO DE FÚTBOL.- Informados do Convenio de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a Excma. Deputación Provincial da Coruña, sobre instalacións deportivas, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Solicitar a adhesión ao IV Convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Excma. Deputación Provincial da Coruña, sobre instalacións deportivas, do día 14 de outubro de 2002, manifestando a aceptación plena e sen reserva ningunha de todas e cada unha das cláusulas que o integran.

2.- Para a execución das obras de CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL no marco do dito convenio, o Concello comprométese a unha achega económica de 147.543,47 euros, con cargo á partida orzamentaria 750,00.

Anualidade 2005 88.526,08 euros.

Anualidade 2006 59.017,09 euros.

A adopción do presente acordo comporta a autorización e disposición dos gastos polos importes e finalidade sinalados, debendo procederse de seguido á axeitada e independente contabilización.

3º.- Pór a disposición da Xunta de Galicia os terreos de titularidade municipal, situados en Gallamonde, cunha superficie de 41.752 m² que se atopan libres de cargas e gravames, todo iso co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras.

Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición son aptos urbanisticamente para a execución da obra, comprometéndose co presente o Concello á súa urbanización simultánea, á execución das obras de construción da instalación deportiva antedita, sen que tales obras teñan repercusión económica ningunha nas que sexan obxecto de contratación por parte da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

4º.- Autorízase expresamente á Xunta de Galicia para que esta inicie, se é procedente, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico a que se refire a cláusula X6 do convenio para o que se solicita a adhesión.

A tramitación do dito expediente, no seu caso, efectuarase segundo as prescricións contidas no convenio de referencia.

5º.- No uso das instalacións deportivas ás que se refire o presente, serán observadas as prescricións contidas na cláusula X.5 do dito convenio.

6º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta desde a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.

7º.- Facúltase o Sr. alcalde –presidente, tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións ás que se refire o punto anterior.

O referido acto comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

8º.- Apróbase o proxecto técnico das obras de CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL, redactado polo arquitecto don Eduardo Herraes Fernández cun orzamento de execución por contrata de 733.717,33 euros.

4.- MOCIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO.- O voceiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas, manifesta que aínda que na Comisión Informativa estivo de acordo en retirar esta moción, por decisión política do seu partido, mantén esta e dá lectura ao seguinte escrito: “Don ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN

SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO, EN BASE ÓS MOTIVOS E CONSIDERACIÓNS RECOLLIDOS NA SEGUINTE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS, o pasado 7 de outubro, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de tódolos grupos políticos, unha Lei Integral contra a Violencia de Xénero. Esta aprobación veu precedida por un amplo debate social e a superación, pola vía do consenso e a concertación política e social, mesmo de reparos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

A importancia deste fito histórico quedaría minimizada se dese tódalas instancias da administración, nomeadamente tamén dende a Local, non traballamos por facer posible o cambio cultural e cívico que sofre unha medida legislativa deste alcance.

A lei atende as recomendacións dos organismos internacionais de proporcionar respostas globais á violencia exercida contra as mulleres.

O seu ámbito atinxe dende os aspectos preventivos, educativos e sociais ata os asistenciais e de atención posterior ás vítimas, así como a normativa que incide no ámbito familiar ou de convivencia, onde principalmente acontecen as agresións, así como o principio de subsidiariedade nas Administracións Públicas. Igualmente, abórdase con decisión e resposta punitiva que deben recibir tódalas manifestacións de violencia que a mesma Lei regula.

A Lei entende a violencia de xénero dun xeito integral e multidisciplinar, comezando polo proceso de socialización e educación. A conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e á liberdade das persoas, entendese como un obxectivo prioritario en tódolos niveis de socialización. Establécense medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo.

Reforzase, no ámbito da publicidade, unha imaxe que respecte a igualdade e a dignidade das mulleres. Apóiase ás vítimas a través do recoñecemento de dereitos como o de información, asistencia xurídica gratuíta e outros de protección social e apoio económico. Proporciona, daquela, unha disposta legal integral que abrangue tanto as normas procesuais, creando novas instancias, como normas substantivas penais e civís, engadindo a debida formación dos operadores sanitarios, policiais e xurídicos responsables da obtención de probas e da aplicación da lei.

Establécense medias de sensibilización e intervención no ámbito sanitario para optimizar a detección precoz e a atención física e psicolóxica das vítimas en

coordinación con outras medidas de apoio. Ademais e dado que as situacións de violencia sobre a muller afectan tamén aos menores que se atopan dentro do seu ámbito familiar, aos que converte en vítimas directas ou indirectas desta violencia, a lei contempla tamén a súa protección, non só para a tutela dos dereitos dos menores, senón para garantir de xeito efectivo as medidas de protección adoptadas respecto da muller.

No artigo 2 do seu Título Preliminar, a Lei Integral contra a Violencia de Xénero arrolla un conxunto integral de medidas (Principios Rectores) encamiñadas a acadar os seguintes fins:

Fortalecer as medidas de sensibilización cidadá de prevención, dotando aos poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito educativos, servizos sociais, sanitario, publicitario e mediático.

Consagrar dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, esixibles perante as Administracións Públicas.

Fortalecer os servizos sociais de información, de atención, de emerxencia, de apoio e de recuperación integral, así como establecer un sistema para a máis eficaz coordinación dos servizos xa existentes a nivel municipal e autonómico.

Garantir dereitos no ámbito laboral e funcional que concilien os requirimentos da relación laboral e de emprego público coas circunstancias daquelas traballadoras ou funcionarias que sofren violencia de xénero.

Garantir dereitos económicos para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.

Establecer un sistema integral de tutela institucional no que a Administración Xeral do Estado, a traveso da Delegación do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.

Fortalecer o marco penal e procesual vixente para asegurar unha protección integral, dende as instancias xurisdiccionais, ás vítimas de violencia de xénero.

Coordinar os recursos e instrumentos de todo tipo dos distintos poderes públicos, para asegurar a prevención os feitos de violencia e xénero e, no seu caso, a sanción axeitada aos culpables dos mesmos.

Promover a colaboración e participación as entidades, asociacións e organizacións que dende a sociedade civil actúan contra a violencia de xénero.

Garantir o principio de transversalidade das medidas, de xeito tal que na súa aplicación se teñan en conta as necesidades e demandas específicas de tódalas mulleres vítimas de violencia de xénero.

POR TODO ELO, considerando o grande número de actuacións que as competencias municipais poderán asumir para o cumprimento desta lei, sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para que este adopte os seguintes:

ACORDOS

1.- Que dende o Concello, se cree un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei Integral contra a Violencia de Xénero e se faga unha campaña de difusión para dalos a coñecer exhaustivamente a tódolos colectivos afectados, en primeiro termo, ás súas destinatarias finais, e a toda a poboación finalmente.

2.- Que o mesmo grupo, estude, co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da Lei terá para o noso Concello.

3.- Que o propio Concello, asuma entre as súas funcións, o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos acadados, do que fará un informe anual ante o Pleno da Corporación.

4.- Que dende o Goberno Municipal se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade de tódalas actuacións que incidan na loita contra a violencia de xénero.

5.- Reclamar unha dotación orzamentaria suficiente ás Administracións Públicas no ámbito das súas respectivas competencias, para conseguila aplicación da nova Lei na súa integridade, para poder garantir a atención xurídica, psicolóxica e social, en definitiva a protección efectiva das mulleres.

En Miño, 15 de novembro de 2004”

A Presidencia manifesta que imos votar en contra, xa que aínda que estamos abertos a calquera actuación ou suxestión que poida mellorar este problema, non cremos que coa aprobación desta moción se consigan os fins que todos pretendemos.

Sométese a votación ordinaria co seguinte resultado: abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, votan a favor os concelleiros do PSG-PSOE Sr cortizas Rodríguez e do BNG Sr. Abraira Sobrado que suman dous votos e e en contra os dez membros restantes da Corporación dos Grupos Cim e PP polo que por maioría quedan desestimada.

MOCIÓN DO PP SOBRE O PLAN GALICIA.- O voceiro do PP dá lectura a o seguinte escrito: “Don Jesús Veiga Sabín, Voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Miño, en nome e representación do mesmo e ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva o Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte:

MOCIÓN

O Consello de Ministros, na súa reunión celebrada na cidade da Coruña o 24 de xaneiro de 2003, aprobou un ambicioso plan de actuacións –coñecido como “Plan Galicia”- co fin de darlle un pulo decisivo ó desenvolvemento social e económico da nosa Comunidade, e así contrarrestar os negativos efectos derivados da catástrofe ocasionada polo afundimento do buque “Prestige”.

Este compromiso adquirido polo Goberno do Estado con Galicia abrangue unha serie de actuacións en diversos sectores, cunha incidencia moi especial no desenvolvemento das infraestruturas viarias, ferroviarias e portuarias. Así, o Plan:

- a. contempla a construción de dúas novas autovías (Pontevedra- A-52 e Chantada Monforte) e o acurtamento de prazos noutras cinco (entre as que destacan a Autovía do Cantábrico, a Santiago-Lugo e a Ourense-Lugo), que afectan ás catro provincias galegas e ás súas zonas costeiras cantábrica e atlántica así como ás zonas do interior.
- b. Supón a construción de case 1.000 novos quilómetros de liñas de alta velocidade ferroviaria, con tres novos tramos (Ferrol-Bilbao, Lugo-A coruña e Ponferrada-Monforte) e a construción en dobre vía e alta velocidade do treito Lubián-Ourense. Todo elo para lograr que Galicia estea comunicada con Madrid en menos de tres horas e que as sete principais cidades se conecten entre elas nunha media de trinta minutos.
- c. Compromete a execución do porto exterior da Coruña, unha das obras de enxeñería portuaria máis importantes e complexas de toda a fachada atlántica europea.

Tanto desde o punto de vista do conxunto de medidas previstas como do investimento estimado pódese afirmar que este Plan constitúe sen dúbida o factor de desenvolvemento social e económico máis importante da historia de Galicia e que a súa completa execución é unha prioridade absoluta para a sociedade galega.

3.- Así teñen percibido os sectores sociais e económicos do noso país, coincidentes todos eles en afirmar a transcendental importancia deste Plan para o progreso de Galicia así como en sinalar a necesidade de facer un seguimento serie e rigoroso do avance no cumprimento da actuacións comprometidas.

4.- Esta percepción xa se viu reflectida nos órganos de representación popular, tanto nos locais como autonómicos e estatais. Así, o Parlamento de Galicia aprobou unha Proposición non de Lei o 14 de abril, na que se solicitaba ó Goberno que ratificase expresamente o compromiso adquirido polo Estado na execución do Plan Galicia, no referido ó seu contido, prazos e investimentos e tamén aprobou por unanimidade o pasado 11 de maio a constitución no seo da Cámara dunha Comisión para o seguimento e avaliación do Plan Galicia e do Plan de Dinamización Económica de Galicia. Así mesmo, tanto o Congreso dos Deputados coma o Senado aprobaron por unanimidade o pasado 22 de xuño senllas Mocións nas que se establecía o calendario de remate das infraestruturas viarias, ferroviarias e portuarias do Plan Galicia, instando ó Goberno central a dotar as partidas orzamentarias necesarias para garantir o seu cumprimento.

5.- Por outra banda, os traballos da citada Comisión de seguimento do Plan Galicia deron como froito o pasado 28 de xullo unha Resolución na que se instaba ó Goberno a dotar as partidas necesarias nos Presupostos de 2005 para garantir o axeitado avance de tódalas actuacións incluídas no Plan Galicia, cun investimento estimado de 1.559,95 millóns de euros.

6.- Desgraciadamente, os Presupostos Xerais do Estado presentados a finais de setembro non recollen as partidas necesarias para dar cobertura ás actuacións do Plan Galicia, poñendo en moi serio perigo a súa execución e implicando en todo caso o atraso nos prazos da maioría das infraestruturas nel incluídas. De feito, segundo se recolle literalmente nunha nova Resolución da Comisión de seguimento do Plan Galicia adoptada o pasado 25 de outubro, “os datos manifestan de xeito elocuente que das actuacións que cuantificou o Parlamento Galego en relación co Plan Galicia, só son recollidas nun 40,91% no Proxecto de orzamentos do Estado do ano 2005: sobre 1559,95 millóns que solicitaba o Parlamento de Galicia, 638,26 millóns que recollen os orzamentos do Estado para estas actuacións”. En definitiva., o Proxecto de orzamentos Xerais do Estado para 2005 supón un claro incumprimento dos compromisos do Estado coa nosa Comunidade Autónoma.

7.- Esta mesma opinión é a que se defende desde a Comisión de Fomento e Vivenda no Congreso dos Deputados, onde foi aprobada o pasado 5 de outubro unha Proposición non de Lei instando ó Goberno central a negociar a modificación dos Presupostos Xerais do Estado, para incrementar as dotacións das actuacións incluídas no Plan Galicia ata os 1.559,95 millóns de euros requiridos polo Parlamento de Galicia.

8.- Se nos centramos en materia de infraestruturas e en concreto ás que afectan á nosa provincia, o Proxecto de Presupostos Xerais do Estado só consigna 341 M€ dos 641 solicitados. Esta menor dotación implicará, entre outras consecuencias, a ralentización na tramitación da Autovía Santiago-Lugo así como o atraso na execución das obras do Eixo Atlántico de Alta Velocidade.

ACTUACIÓN	ORZAMENTO SOLICITADO	P.X.E. 2005	EMENDAS
AUTOVÍAS			
Autovía Santiago-Lugo	38,19	3,14	35,05
Cabreiros-Vilalba	18,98		18,98
FERROCARILLES			
Eje Atlántico	405	147,1	257,9
Ourense-Santiago	180	158,72	21,28
AVE Cantábrico	4	0,4	3,6
Lugo-A Coruña	2	0,07	1,93

TOTAL PLAN GALICIA	671,41	341,41	
TOTAL ENMIENDAS			338,74

9.- Por último, os pasados días 11 de novembro e 16 de novembro foron rexeitadas, no seo do debate parlamentario en Comisión e en Pleno no Congreso dos Deputados, as emendas parciais presentadas polo Grupo Popular e o Grupo Mixto (BNG) dirixidas a incrementar as consignacións orzamentarias do Plan Galicia ata os 1.559,95 millóns de euros co fin de garantir a súa efectiva execución e axeitado avance.

10.- Tendo en conta todos estes antecedentes, e considerando que o proceso de aprobación dos Presupostos Xerais do Estado polas Cortes aínda esta aberto, cremos necesario que este Concello manifieste oficialmente a súa posición a este respecto, instando ó Goberno entra a adoptar tódalas medidas oportunas que permitan modificar o Proxecto de Presupostos Xerais do Estado nos trámites parlamentarios que aínda restan, de maneira que a dotación para 2005 das actuacións incluídas no Plan Galicia se incremente ata os 1.559,95 millóns de euros, de conformidade coas Resolucións do Parlamento de Galicia de 28 de xullo e 22 de outubro e coa Proposición non de Lei do Congreso dos Deputados de 5 de outubro.

Por elo, sometese a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:
 Instalo Goberno do Estado a adoptar tódalas medidas necesarias para permitir a modificación do Proxecto de Presupostos xErais do Estado para 2005, nos trámites parlamentarios que aínda restan nas Cortes, de maneira que as partidas para financiar as actuacións incluídas no Plan Galicia se incremente ata os 1.559,95 millóns de euros, de conformidade coas Resolucións do Parlamento de Galicia de 28 de xullo e 25 de outubro e co cadro anexo.

MINISTERIO/ACTUACIÓN	DIFER. M€
ECONOMÍA E FACENDA	101,55
Liña de mediación de Préstamos ICO para Pemes	100,00
Liña de préstamos ICO para confrarías de pescadores 2005-2009	0,80
Apoio á Industria de Transformación e acuícola (Fondo de capital risco)	0,75
FOMENTO	628,86
INFRAESTRUCTURAS VIARIAS PIT 2003-07:Acurtamento de prazos	108,89
Autovía do Cantábrico (Finalización 2007-08)	27,29
Autovía Santiago-Lugo (Finalización 2008-2010)	35,05
Autovía Ourense –Lugo (Finalización 2008-2010)	26,89
Cabreiros-Vilalba	18,98
NOVAS ACTUACIÓNS	6,21
Autovía A Cañiza-Pontevedra (Finalización 2010)	4,22
Autovía Monforte-Chantada (Finalización 2010)	1,99
INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS PIT 2003-07: Acurtamento de prazos	303,03
Eixo Atlántico (Finalización 2007)	257,90
Ourense-Santiago (Finalización 2008)	21,28
Lubián-Ourense (Finalización 2009)	17,60
Ourense-Lugo (Finalización 2009)	2,35
Ourense-Vigo (Finalización 2009)	3,90
NOVAS ACTUACIÓNS	7,23

Ferrol-Bilbao (2012-2014)	3,60
Ponferrada-Monforte (2012-2014)	1,71
Lugo-A Coruña (2012-2014)	1,92
ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	203,50
Rexeneración ambiental (Plan de continxencias por contaminación mariña)	200,00
Programas de prevención e loita contra a contaminación mariña	3,50
EDUCACIÓN E CIENCIA	4,58
Centro de Tecnoloxías Mariñas	1,50
Programa de Intervención Científica	3,08
INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO	12,80
IMPULSO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	2,88
Internet na escola (2003-2005)	2,20
Internet na biblioteca (2003-2005)	0,20
Internet no rural (2003-2005)	0,48
APOIO Á CONSTRUCCIÓN NAVAL: Construcción de buques por IZAR-FENE	
IMPULSO AO SECTOR TURÍSTICO	7,92
Plan de Dinamización Turística na Costa da Morte (2003-2006)	0,61
Plan de Dinamización Turística en O Salnés (2003-2006)	0,47
Plan de Dinamización Turística en Ribadeo (2003-2006)	0,19
Parador de Turismo na Costa da Morte (2004-2007)	6,66
SECTOR COMERCIAL (Proxectos de mellora en centros comerciais abertos e mercados municipais)	2,00
AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN	22,75
Programas de Desenvolvemento Rural (2003-2005)	6,00
Campaña de Promoción de Produtos galegos	2,80
Axudas directas a Confrarías de pescadores (2005-2007)	0,50
Apoio aos centros tecnolóxicos ligados á pesca	0,15
Miniinfraestructuras Portuarias	13,00
Innovación e calidade alimentaria	0,30
CULTURA	3,50
Museo de Pontevedra	3,50
Museo Nacional de Instrumentos Musicais (sen avaliar nin determinar vixencia)	
MEDIO AMBIENTE	166,38
Plan Forestal Español	56,29
Plan Hidrolóxico Estatal, protección de concas e saneamento	69,04
Rexeneración do litoral	13,34
Tratamento de residuos	12,00
Rexeneración Parque Nacional Illas Atlánticas	11,09
Outras actuacións	4,63
TOTAL FALTA PARA CUMPRIR A RESOLUCIÓN PARLAMENTO SOBRE "PLAN GALICIA"	940,42

En Miño, a 15 de decembro de 2004.
O Voceiro do Grupo Municipal"

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado sinala que esta moción chega tarde, xa que o veto que presentou o BNG no Senado, e foi aprobado por maioría, impide a presentación de emendas, xa que no Congreso non se podería modificar o aprobado polo mesmo, esta é unha moción de cariz político e o que está facendo o PP é unha hipocrisía de carácter político; cando gobernaba o PP, o PSOE reivindicou unhas

cantidades para o exercicio 2004 e agora que goberno, nin sequera as consigna ou chega a elas para o exercicio 2005; o Estado, di, ten unha débeda histórica con Galicia, estamos por debaixo da media da renda per capita de toda a nación e imos votar a favor porque cremos que é xusta a petición, pero nestes momentos parécenos unha hipocrisía.

O concelleiro do PSOE Sr. Cortizas sinala que vai votar en contra e a continuación presentaremos unha moción, que contradí todo o que se expresa na mesma.

O voceiro do PP Sr. Veiga Sabín manifesta que a moción non é ningunha propaganda, no Parlamento de Galicia foi votada a favor polo BNG e soamente se abstivo o PSOE, continúa, non é propaganda xa que estamos defendendo a Galicia e no Senado os orzamentos foron vetados polo PP, BNG, CIU e PNV.

Replica o Sr. Abraira que soamente haberá posibilidades de modificar o Orzamento se prospera algún veto, outra cousa sería se se discutira a semana pasada, con tempo suficiente para introducir emendas, imos votar a favor, xa que a postura actual do PSOE non é a que mantiña co Orzamento de 2004 e agora que goberno é o partido caladiño que non di nada, polo que debemos facelo por xustiza e solidariedade.

Sométese a votación a moción co seguinte resultado: Abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, vota en contra o concelleiro do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e a favor os once membros restantes, polo que queda aprobada nos seus propios termos por maioría absoluta.

7.- MOCIÓN.-G O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE dá lectura á seguinte moción: "Don ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal socialista no Concello de Miño, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno a Corporación a seguinte:

MOCIÓN

Sobre os Presupostos Xerais do Estado 2005, en base ós motivos e consideracións recollidos na seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Presupostos Xerais do Estado par ao vindeiro ano 2005, supoñen o compromiso máis alto dun Goberno con Galicia en 25 anos de democracia. Estes ornamentos son unha aposta firme e decidida pola modernización da economía o crecemento da produtividade e o emprego de calidade.

Por primeira vez, dedícaselle máis da metade de todo o gasto ás políticas sociais. Corríxense desigualdades avanzando na igualdade de oportunidades e aumentan nun 10,40% os recursos destinados a bolsas de educación, para incrementar a formación dos cidadáns.

Estes ornamentos supoñen un gran esforzo en investimento dedicado a I+D+I. A investigación, o desenvolvemento e a innovación experimentan un importante crecemento, aumentando en 25,40%. Este compromiso supón dinamizar o esforzo científico e tecnolóxico, incentivar e apoiar o comportamento innovador das empresas e desenvolver a Sociedade do Coñecemento e a incorporación de novas tecnoloxías no tecido industrial.

Os Presupostos Xerais do Estado en relación con Galicia para o ano 2005, representan un feito histórico sen precedentes tanto no volume de presuposto total como polo investimento público en relación a Galicia.

- 1.600 millóns de euros totais dedicados a Comunidade Autónoma.
- 1.365 millóns de euros de investimento público.
- 349 millóns de euros en transferencias directas para paliar os efectos do Prestige e financiar os danos futuros derivados da catástrofe.

O investimento público nos ornamentos do Estado duplica a media do investimento dos últimos 8 anos dos gobernos do Partido Popular. A media do investimento do PP

foi de 640 millóns de euros. O Goberno socialista duplicou no primeiro ano este investimento.

- No ano 2005 o orzamento total para Galicia medou un 54%, cun incremento dos investimentos dun 30,64%.
- orzamento do Ministerio de Fomento dedicado a Galicia medrou nun 44,60% (895 millóns de euros), bastante máis do que solicitaba a Xunta de Galicia (783 millóns de euros).
- investimento por habitante sitúase 18 puntos por enriba da media de España.

En resumen podemos dicir que os primeiros orzamentos do Goberno socialista en Galicia duplican o investimento anual medio dos gobernos do Partido Popular.

Tódalas grandes obras necesarias para o cumprimento do Plan Galicia (tren de alta velocidade, autovías interiores, porto exterior, etc), que ata o de agora eran soamente fume, aparecen reflectida s nos distintos anos de execución e posta en marcha nos orzamentos de 2005.

No ámbito social, os Orzamentos Xerais do Estado par ao ano 2005, supón un xiro, xa que superan máis da metade de todo o gasto orzamentario:

- As políticas de fomento do emprego medran con respecto ao ano 2004 un 7,00%, ascendendo a 6.223 millóns de euros.
- As políticas de vivenda increméntanse un 32,50% para impulsar o novo plan de choque de que se beneficiarán 500.000 persoas, case o dobre que cos plans dos gobernos do PP.
- As pensión increméntanse nun 6,80% respecto do ano 2004. Subas xeneralizadas das pensións por enriba da previsión da inflación, o que representa un maior poder adquisitivo. As pensións mínimas medran un 6,50%. Sendo o total dos galegos e galegas beneficiados en Galicia 244.336.

Por todo elo, propono ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Poñer de manifesto a falla compromiso orzamentario que mantivo durante os últimos 8 anos o Goberno do Partido Popular, presidido por José María Aznar, coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Apoiar as contas públicas que presenta o Goberno do Estado par ao ano 2005 na Comunidade Autónoma de Galicia, que están en sintonía co acordo acadado no Congreso dos Deputados, en relación cos investimentos públicos do Estado en Galicia.

3.- Denunciar a confrontación e manipulación permanente emprendida polo Goberno da Xunta de Galicia en contra dos orzamentos do Estado par ao ano 2005 en Galicia, cegando á utilización das institucións públicas neste enfrontamento e pretendendo tamén implicar aos gobernos locais.

En Miño, 14 de decembro de 2004.

Asdo. Antonio Cortizas Rodríguez.”

Votada a urxencia ao non estar incluída na orde do día, é aprobada por unanimidade, e estrase a debater a moción. O concelleiro de BNG Sr. Abraira expón que vai votar en contra, en primeiro lugar porque os millóns que sinalan, son tamén para inversións privadas, porque a Ministra de Fomento, non se compromete a financiar o porto exterior nin se compromete con Galicia; no Plan Galicia aprobouse que todos os aparellos telefónicos, incluídos os do rural, tiveran acceso a internet e nada se cumpriu, tivo que ser o BNG o que presentase un plan piloto, para que o rural galego puidese ter acceso a internet; a media de inversión en Cataluña e moito maior que en Galicia, e se agora houberse unha inversión forte, ademais dos portos de traballo polas obras, veríamos dentro de un tempo a mellora da media per capita.

A Presidencia manifesta que non é partidario de que debatan no Pleno asuntos que non son da súa competencia, e neste caso son do parlamento, no obstante hai que por de manifesto, que pese a que existía un acordo Parlamentario en Galicia que

estipulaba en algo máis de 1500 millóns de euros o montante para o Plan Galicia, que o propio PSOE no 2003 afirmaba que o seu “propio Plan Galicia” estimaba como necesarios 2700 millóns de euros, o certo é que nos presupostos do Estado, o diñeiro que o Goberno Estima é 638 millóns de euros, e dicir sensiblemente inferior ao que o PSOE galego estimaba como necesario para afrontar a crise do Prestige.

Debo dicir ademais, que o esforzo do gasto en Galicia no ano 2004 foi do 40% superior ao ano anterior.

O esforzo que agora se propón nos presupostos xerais do Estado suporá a penas un 15% máis que o 2004, pese a que o 2004 estaba destinado a ser o “ano estrela do Plan Galicia”

En suma, pese a que o Sr. Touriño, tras gañar o PSOE as eleccións xerais, se postulaba como o “Garante persoal do Plan Galicia”, o certo é que os 638 millóns de Euros constitúen un fiasco para o que en termos de expectativas xerais para o propio sr. Touriño se refire.”

Sometida a votación a moción presentada, abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, vota a favor o concelleiro do PSOE Sr. Cortizas, e en contra os once membros restantes que asisten a reunión, polo que queda desestimada.

MOCIÓN.- O concelleiro do PSG-PSOE, da lectura ao seguinte escrito “D. Antonio Cortizas Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN

TENDO EN CONTA, que o noso Concello ten a distinción de “Concello de Interese Turístico” outorgado pola Xunta de Galicia e que por sorte cantidade de persoas, acoden en datas sinaladas, como o pasado ponte da Constitución, así como noutras datas feireadas durante o ano, sempre que o bo tempo acompaña, ademais da xa coñecida afluencia na época de verán, á zona da praia grande praia da Ribeira e zona do Porto como tamén a outras zonas do interior do concello.

CONSIDERANDO, a afluencia de todas estas persoas e os conseguintes vehículos, o que supón que en determinados momentos se produzan pequenos atopelos, como o ocorrido estas pasadas datas, na zona da praia grande.

Así mesmo para evitar que certos visitantes se atopen perdidos polas estradas e camiños do nos concello, en busca de certo patrimonio que no mesmo temos.

POR TODO ELO, propono ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Se tomen as medidas correctoras en zonas como os pasos de peóns da estrada da praia, (por cruces espontáneos de bañistas) coa colocación de bandas rugosas de caucho, que fagan reducir a velocidade dos vehículos a motor que por ela transita, en especial aos usuarios da autoestrada AP-9. (Estas poden ser cofinanciadas pola empresa concesionaria da autoestrada).

Colocación de este tipo de bandas rugosas en lugares sensibles e de alta perigosidade por ser lugar de xogo de nenos, como os seguintes:

- Parque Infantil sito no Porto de Miño.
- Accesos o Colexio Público Castro Baxoi.
- Parque Infantil e Pistas Deportivas sitas na zona do Mercado.
- Parque Infantil da Rúa.

2.- Se realice unha boa sinalización, para poder acercar os visitantes o noso patrimonio etnográfico, e a revisión e renovación da sinalización vertical do Concello, e de maneira moi especial os carteis indicadores sitios nas entradas do concello, pola estrada N-651, onde figura "MIÑO, Lugar Turístico", xa que a día de hoxe é case imposible ler o que neles pon.

En Miño, 10 de decembro de 2004.

Asdo: Antonio Cortizas Rodríguez.

Votada a urxencia, e aprobada por unanimidade, entrando a debater a mesma.

O Concelleiro do BNG Sr. Abaira manifesta que vai votar a favor e debemos dicir ao PP, que temos a declaración de Municipio Turístico, pero esta declaración non se notou absolutamente en nada.

O Sr. Alcalde-Presidente sinala que para que unha moción teña efectos prácticos, en primeiro lugar hai que ter un compromiso de gasto, e en esta hai algunhas actuacións que son competencia doutras administracións.

A moción é aprobada por unanimidade nos seus propios termos.

O concelleiro do BNG Sr. Abaira Sobrado da lectura ao seguinte escrito: "Don MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO, como Concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Miño.

EXPÓN:

Na lexislatura pasada o concello de Miño por medio dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña (Plan de recuperación do patrimonio) realizou a primeira fase da recuperación da Capela de guadalupe en Vigo Callobre. Esta rehabilitación foi unha demanda expresa do concelleiro que lles fala. Tendo en conta o antes dito e o importante valor arquitectónico e mesmo sentimental que ten dita capela parece lóxico realizar unha segunda fase para rematar coa súa total recuperación.

Por todo o antedito.

PROPONSE:

Que o Concello de Miño proceda na prazo máis breve posíbel a facer os trámites pertinentes para rematar a recuperación da Capela de Guadalupe dotando na medida do posible de saídos no seu entorno.

Miño, 14 de decembro de 2004.

E acordada a urxencia por unanimidade e a Presidencia sinala que vai votar a favor, xa que pensamos adquirir eses terreos e realizar unha obra de espallamento neste lugar.

A moción é aprobada por unanimidade.

O mesmo concelleiro da lectura ao seguinte escrito: "Don MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO, como concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Miño,

EXPÓN:

No concello de Miño existen diversos parques infantís repartidos polas distintas parroquias. Algúns destes parques fóronse deteriorando co paso do tempo (columpios columpios que se acanean, pezas soltas, etc) e a súa totalidade non cumpren coa lexislación vixente a respecto das medidas de seguridade o que supón o grave perigo físico para os seus usuarios e unha fonte de preocupación para os pais e nais.

Por todo o antedito:

PROPONSE que o Concello de Miño no prazo máis breve proceda:

1º.- A reparar ou retirar as pezas que se atopan deterioradas por mor do seu uso.

2º.- Se poñan carteis prohibindo a entrada a ditos parques de animais, xa que estes fan as súas necesidades mesmo na área de xogo dos nenos e nenas máis cativos.

3º.- Se realice unha campaña para a adecuación de ditos parques á lexislación vixente de seguridade.

Miño, 14 de decembro de 2004.

Acordase por unanimidade a urxencia e a Presidencia sinala que estamos totalmente de acordo en que debemos cumprir esta lexislación cambiante pero

necesitamos medios económicos e temos solicitado que estas obras se subvenciones polo menos co 70% do seu importe pola xunta de Galicia.

O Pleno do Concello, acorda por unanimidade a súa aprobación.

O Sr. Abraira, concelleiro do BNG, da lectura ao seguinte escrito: "Don MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO, como Concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Miño,
EXPÓN:

O Concello de Miño ao igual que a totalidade dos concellos de Galicia acometeu nos últimos anos un importante esforzo na pavimentación de moitos camiños e corredoiras o que mellorou notablemente a calidade de vida dos veciños e veciñas.

Este esforzo de pavimentación de camiños e corredoiras fixo crerlle a moitos veciños e veciñas que o único que se pode facer no rural e por puntos de luz e asfaltar. Proba disto último é que aínda hoxe cando se lle pregunta a algúns veciños das necesidades da súa parroquia contestan sen pensalo na necesidade de asfaltar camiños que transcorren polo medio do monte e polos cales só pasan tractores e maquinaria pesada. Desde o BNG entendemos que a fase dos puntos de luz e dos asfaltados debe darse por rematada sen que esto queira dicir que non se poidan facer, de xeito puntual, este tipo de accións.

Desde o BNG entendemos que é preciso iniciar un novo período de actuacións do rural que tiñan como fin mellorar, elevar e dignificar a vida no rural.

Por todo ilo
PROPONSE

Que o Concello de Miño inicie a partir do 2005 unha nova era de actuacións no rural baseada nos seguintes aspectos:

1º.- Dotar as vivendas do rural de rede de sumidoiros para a recollida de augas residuais.

2º.- Acometer obras tendentes a dotar os núcleos rurais de beirarrúas, alumado ornamental e mobiliario urbano.

Ademais é preciso iniciar esta nova fase pondo algún dos núcleos rurais existentes como núcleo piloto.

Miño, 14 de decembro de 2004.

Acordase a urxencia por unanimidade e a Presidencia manifesta que están de acordo e necesario nas parroquias facer etas actuacións; esperamos contar con un pequeno Plan Director e executar algunhas obras de beirarrúas e alumado en Bemantes e Callobre.

O concelleiro do PP, Sr. Veiga Sabín, sinala que non debemos renunciar as axudas e subvencións finalistas que se nos concedan para camiños rurais.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade a súa aprobación.

O Concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, propón de viva voz, que o Concello de Miño dirixa unha efectiva felicitación aos arquitectos veciños deste Municipio D. Enrique Banco Lorenzo e Patricia Sabín Díaz, gañadores do concurso internacional de proxectos para a rehabilitación do Mosteiro de Monfero, así como aos arquitectos que deseñaron o Centro de Saúde de Miño polo excelente traballo realizado.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade previa a declaración de urxencia, esta proposta

A Presidencia expón, que para dotar de abastecemento eléctrico as vivendas de Protección Oficial, construídas en Bra deste Municipio e que de súpeto serán entregadas aos seus adxudicatarios, é necesario ceder á empresa suministradora UNIÓN-FENOSA, unha parcela de terreo onde instalará un transformador. Polo arquitecto municipal redactouse un plano no que figura o terreo, de 18m2 de superficie, a ceder para esta instalación, emitindo informe favorable ao respecto.

O Pleno do Concello previa declaración de urxencia por doce votos a favor e unha abstención do Sr. Laya Carril, acorda pola mesma votación a cesión en precario dun terreo de 18 m2 de superficie a UNIÓN-FENOSA, para a construción de un transformador de corrente eléctrica, que dará servizo as vivendas de protección oficial, segundo figura no plano redactado polo arquitecto municipal.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado indica que non se lle contestou a algunhas preguntas que fai na reunión anterior e a Presidencia contesta que as recibirá.

O Sr. Cortizas, concelleiro do PSG-PSOE, da lectura a os seguintes rogos:

1.- Que se realicen con máis frecuencia, a limpeza dos pozos de rexistro e sumidoiros da rede de saneamento, dado que en numerosas zonas do casco urbano co influxo intermareal se producen malos olores.

2.- Que se fagan as xestións ante o Ente Público Postos de Galicia, para levar a cabo a substitución ao arranxo dos bancos existentes na zona portuaria, que se atopan en mal estado.

3.- Que se faga un control do transporte interparroquial.

A Presidencia contesta que o control esta feito, non chega a un 20% de ocupación, pero di consideramos que mentres podamos prestar este servizo debemos facelo, e así evitaremos que vaian de compras a outros lugares.

O mesmo concelleiro da lectura as seguintes preguntas:

1.- ¿Para cando ten previsto o remate dos traballos de urbanización das vivendas sociais, e a entrega das mesmas os seus adxudicatarios?.

A Presidencia contesta que esperan as obras estén rematadas a mediados de xaneiro; debese instalar un transformador para subministrar corrente eléctrica, para o que cedemos un terreo municipal, con todo isto espera que como máximo en dous meses, estará todo rematado.

2.- ¿Gustaríanos coñecer o novo organigrama político, dende a integración dos membros da Candidatura Independente de Miño no Partido Popular e as atribucións e competencias de cada un dos once concelleiros que integran o novo goberno municipal?.

O Sr. Alcalde contesta que temos un acordo de goberno e a CIM non realizou a baixa de ningún dos seus membros, nin explicación algunha para absterse un de eles nas votacións. Haberá tres concelleiros con delegacións e daráselles conta disto e exporase ao público en forma regulamentaria.

3.- ¿Qué uso se lles están a dar ós locais sociais de San Xoán de Vilanova e de Callobre?

O Sr. Alcalde contesta que hai certos problemas para que as asociacións se fagan cargo do coidado destes centros, e en Callobre hai unha nova directiva da asociación, que esperamos continúe coa labor da anterior.

4.- ¿Qué actuacións ten previsto realizar na Ponte de Nigrofre, con respecto a mellora da seguridade vial e alumeado público?.

A Presidencia contesta que o estudiara e procurárase buscar a solución máis adecuada.

5.- ¿Qué finalidade se lle está a dar o edificio construído pola Deputación Provincial da Coruña, para Protección Civil, dado que o seu deterioro vai en aumento día a día?. E Gustaríanos coñecer as previsións de uso que ten o actual Equipo de Goberno para o citado edificio.

O Sr. Alcalde contesta que o edificio esta a facer de almacén xa que non temos outros e por escrito lle contestarei.

6.- Pregunta pola parada do servizo de transporte interparroquial de Loyos e por que non se fai.

A Presidencia contesta que a psicólogo esta sobre este tema e tan pronto como lle informe trasladarallo.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu , o Secretario titular, dou fe.

O Alcalde

O Secretario